

Os días 6, 7 e 8 de novembro de 2024 terán lugar, no Teatro Colón da Coruña, ás 20.00 h, tres concertos para conmemorar o 175 aniversario da fundación da Real Academia Galega de Belas Artes.

Participarán as corais e orquestras decanas da cidade da Coruña: “Cántigas da Terra”; Coral Polifónica “El Eco”; Coral Polifónica “Follas Novas”; Coral Polifónica “Sporting Club Casino”; Banda Militar (“Unidad de Música del Cuartel General del Mando de Apoyo a la Maniobra”); a Orquestra Sinfónica do Conservatorio Superior de Música; e a Banda Municipal de Música.

Os concertos estarán integrados exclusivamente por música de compositores galegos, históricos e actuais. Máis de 30 autores, entre os que destacan os compositores que foron académicos da Sección de Música da Real Academia Galega de Belas Artes.

Con estes concertos quérese lembrar o que se levou a cabo fai xustamente 75 anos, en 1949, no Teatro Rosalía de Castro, cando se celebrou o centenario da fundación da Real Academia. Tamén entón participaron as agrupacións instrumentais e vocais de máis relevo da nosa cidade, incluíndo música de compositores membros da Academia.

Eses tres días serán, pois, xornadas de festa non só para conmemorar estes 175 anos de existencia da Real Academia Galega de Belas Artes, senón tamén para celebrar a verdadeira festa da nosa música galega. Unha música que segue chea de alento grazas á vocación e constancia de tantos homes e mulleres que traballaron e traballan para poñer en valor a banda sonora das nosas vidas.

Estes concertos levaranse a cabo grazas á colaboración desinteresada dos intérpretes e compositores participantes, e ao auspicio da Deputación da Coruña e do Concello da Coruña, a través da súa Concellería de Fomento e Promoción da Cidade.



Real Academia Galega
de Belas Artes

OS CONCERTOS DO CENTENARIO

175 aniversario da fundación da Academia

Teatro Colón
A Coruña, 6, 7 e 8 de novembro de 2024
20:00 h



Imprenta Provincial. Dep. Legal: C 1324-2024

Integrantes femininas da Coral De Ruada (1931)

 Concello da Coruña

 Deputación
DA CORUÑA

MÉRCORES, 6 DE NOVIEMBRE

ORQUESTRA DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

Solista: Clara Jelihovschi Panas
 Director: Fernando Briones

Rodrigo A. de Santiago: Marcha del Centenario

Cancións sobre textos de Rosalía de Castro: *[Arranxos e orquestracións: Juan Durán]*

- **Eduardo Rodríguez-Losada:** ¡Padrón!... ¡Padrón!...
- **Andrés Gaos:** Rosa de abril
- **Luis Taibo:** Campanas de Bastabales
- **José Baldomir:** Mayo longo
- **Juan Montes:** Negra sombra

CORAL POLIFÓNICA «EL ECO» E ORQUESTRA DO CONSERVATORIO

Director: Pedro Martínez Tapia

- **José Castro Chané:** Os teus ollos *[letra de Manuel Curros Enríquez]*
- **González de Velasco:** Tan soio
- **Rogelio Groba:** Pandeirada da chuvia *[letra de Kety Quintana]*
- **Maximino Zumalave:** Cada noite eu chorando *[letra de Rosalía de Castro]*
- **Santiago P. Bernal:** Xa non sei cantar
- **Francisco Rey Rivero:** Velaí vai

XOVES, 7 DE NOVIEMBRE

CORAL POLIFÓNICA DO «SPORTING CLUB CASINO»

Piano: Margarita Viso | Director: Juan Berná Pérez

- **Alberto Garaizábal:** Virgen sin mancha *[letra de R. del Valle]*
- **José Baldomir:** Santos e Meigas, Nº 3 Procepción; Nº 5 Alalá *[letra de Linares Rivas]*
- **Margarita Viso:** Levantous'a velida *[letra de Don Dinís]*
- **Juan Berná:** Has de cantar *[letra de Rosalía de Castro]*

CORAL POLIFÓNICA «FOLLAS NOVAS»

Piano: Anna Mirzoyan Director: Fernando Vázquez Arias

- **Mauricio Farto:** La Espadela, Alborada *[letra de Leandro Carré]*
- **Manuel Fernández Amor:** Alalá de Muxía
- **Pascual Veiga:** La escala *[letra de C. Fernández]*
- **Fernando V. Arias:** Torre de Hércules

«UNIDAD DE MÚSICA DEL CUARTEL GENERAL DEL MANDO DE APOYO A LA MANIOBRA»

Director: Comandante Iván Rodríguez Armán

- **Ricardo Morales:** Himno al Príncipe de Asturias
- **Gustavo Freire:** Airiños aires
- **Hernán Naval:** Lonxe do mar
- **Bernardo del Río:** A lenda de Montelongo *[Suite]*
- **Enrique García Rey:** Churrusqueira

VENRES, 8 DE NOVIEMBRE

CORO «CÁNTIGAS DA TERRA»

Director: Luis Bolón

- **Adolfo Anta:** A sega
- **Tradicional** *[recollida e harmonización: Adolfo Anta]:* Alalá de Santa Marta
- **Tradicional** *[recollida: M. Capelo Pato; arranxo: Luis Bolón]:* Canto de pandeiro do Pino
- **Mauricio Farto:** Ei os de Sergude
- **Tradicional** *[recollida: Adolfo Anta]:* Foliada de Cerdedo

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DA CORUÑA

Director: Juan Miguel Romero Llopis

- **Marcial del Adalid:** Galicia, Marcha Triunfal
- **Gregorio Baudot:** Lugo-Ferrol
- **Luis Brage:** Follas novas
- **Canuto Berea:** La Alfonsina *[trans.: Nilo García Armas]*

CORO «CÁNTIGAS DA TERRA» e BANDA MUNICIPAL

- **Tradicional** *[recollida: Adolfo Anta; arranxo: Luis Bolón]:* Maneo de Ponteceso
- **Emilio Corral** *[arranxo: Luis Bolón]:* Xeitosa
- **Tradicional** *[recollida: Xan Pena; arranxo: Luís Bolón]:* Foliada da Cruña
- **Pascual Veiga** *[arranxo: José Luis Represas]:* Himno Galego *[Letra de Eduardo Pondal]*